



**Bancos de imaxes, sons,
iconas e vídeos**

1. BANCOS DE IMAXES.

- [Banco de imaxes do INTEF](#). Diseñado especificamente para a educación, as imaxes catalóganse por etapa (Primaria, ESO, Bacharelato e FP) e por materia. Ademais, o buscador permite seleccionar ámbitos de coñecemento no apartado “coleccións” (por ex. actividades agropecuarias, alimentos, arte etc.) e inclúe un útil e breve manual para optimizar a procura. As imaxes licéncianse [CC BY-NC-SA](#).
- [CC Search](#). Buscador de creativecommons.org que localiza imaxes de moitas fontes distintas con licenza Creative Commons, e permite filtrar por unha licenza concreta, fonte, formato, tamaño ou polo uso que se lle vai dar. En cada imaxe indícase a licenza [Creative Commons](#) aplicada.
- [FlickrCC](#). Sitio web que permite almacenar, ordenar, buscar, vender e compartir fotografías ou vídeos en liña. Permite buscar imaxes [CC](#). Para utilizar as imaxes con fins comerciais débese obter unha conta Flickr Pro.
- [Pxhere](#). Actualmente ofrece imaxes con licenza [CC0](#) Dominio Público
- [Pixnio](#). Repositorio de imaxes de [dominio público](#) polo que se poden utilizar libremente para uso persoal ou comercial, modificar e distribuír. Trátase de unha web deseñada para uso educativo e accesible nunha ampla variedade de idiomas. As imaxes organízanse en categorías e álbums, pódense descargar en varios tamaños e indícase a gama cromática.
- [Lifeofpix](#). Repositorio en inglés de imaxes de [dominio público](#). As imaxes organízanse en categorías e ao acceder a elas vén sinalada a súa gama cromática.

- [Magdeleine](#). Banco de imaxes en lingua inglesa, licenciadas como [CC0](#) ou ben con atribución requirida ([BY](#)) polo que se poden utilizar para uso privado e comercial, así como modificar. As imaxes organízanse en categorías.
- [Pics4Learning](#). Repositorio de imaxes en lingua inglesa orientado cara ao ámbito educativo. As imaxes son de [dominio público](#) e organízanse en coleccións. Cando iniciamos unha procura, a páxina web suxire outras imaxes ou coleccións que poden ser de interese para a educación así como ferramentas educativas (por ex. para facer organizadores gráficos, para construír rúbricas...)
- [SVG Silh](#). Páxina con imaxes vectoriais (SVG) con licenza [CC0](#) (Dominio público). A descarga do ficheiro pode realizarse na cor que a persoa usuaria indique.
- [Openclipart](#). Proxecto que proporciona clip art vectoriais libres, con licenza [CC Zero 1.0](#).
- [DIXIT](#). Recursos gráficos e audiovisuais con licenza CC BY-NC-SA
- [Lenzo](#). Recursos gráficos e audiovisuais contextualizados no ensino e na contorna galega con licenza CC BY-SA.

2. BANCOS DE ICONAS

- [Freeicons.io](#). Sitio web en inglés que ofrece un buscador de iconas en diversos estilos (3D, con liña, sen liña etc.). A descarga pódese realizar en diversos formatos, maiormente como vector SVG e imaxe PNG. As iconas e imaxes son de dominio público.
- [Publicdomaninvectors](#). Páxina web que permite localizar e descargar vectores con licenza [CC0](#) (Dominio público) en formato SVG, EPS ou AI. Tamén incorpora unha ferramenta para editar e xerar vectores SVG.

- [Icon-icons](#). Iconas en diversas licencias con diversas licenzas.
- [Kiuix](#). Iconas e imaxes descargables con diversas licenzas (CC, LGPL...)

3. BANCOS DE MÚSICA

- [Audionautix](#). Páxina web que recompila as creacións musicais de Jason Saw, licenciadas con [CC BY](#), polo que son de utilización libre, comercial e persoal, así como modificables, pero con atribución obrigatoria. O buscador permite seleccionar por xénero (jazz, pop, funk...), emoción provocada (alegría, serenidade etc.) e tempo musical. A música pódese compartir en Youtube ou descargar en formato MP3. A páxina web atópase en inglés.
- [Free Music Archive](#). Sitio web en lingua inglesa e con pezas musicais licenciadas segundo as diferentes categorías de Creative Commons, incluíndo dominio público. O buscador permite tamén escoller por xénero e duración. A música pódese embeber.
- [Freesound](#). Páxina web en lingua inglesa con pezas musicais e banco de sons que está regulado baixo licenza de Creative Commons (podendo escoller entre tres tipos de licenza), que nos permite navegar, descargar e compartir sons. O buscador permite seleccionar entre dous tipos de busca. A busca sinxela permite ordenar os resultados por relevancia, duración, data de subida ou máis ou menos descargados. A busca avanzada permite especificar etiquetas, nomes de persoa usuaria, paquetes musicais, duración... Os sons e pezas musicais pódense descargar se nos rexistramos.
- [Incompetech.com/music](#). Páxina web en lingua inglesa que ofrece gran variedade de pezas musicais, licenciadas en gran parte baixo [CC BY](#) ou [CC BY-SA](#). O buscador permite seleccionar por xénero e tema. A peza musical descárgase en formato MP3 e non fai falta rexistrarse.

- [Ccmixter.org](https://ccmixter.org). Repositorio musical que licencia utilizando Creative Commons. A música está dividida en categorías e o buscador ofrece varias opcións: ao seleccionar unha opción, ofrécese información sobre a licenza, duración e autoría. A peza musical descárgase en formato MP3.
- [Zapsplat](https://zapsplat.com). Sito web en lingua inglesa que ofrece un repositorio de música e de sons licenciados baixo [CC BY](https://creativecommons.org/licenses/by/4.0/), polo que a atribución é obrigatoria. As pezas musicais organízanse en categorías e pódense descargar en formato MP3 e WAV. É necesario rexistrarse.

4. BANCOS DE SONS.

- [Banco de sons do INTEF](https://intef.es/banco-de-sons). Repositorio deseñado especificamente para a educación; do mesmo xeito que as imaxes, os sons catalóganse por etapa (Primaria, ESO, Bacharelato e FP) e por materia. Ademais, o buscador permite seleccionar ámbitos de coñecemento no apartado “coleccións” (por ex. actividades agropecuarias, alimentos, arte etc.) e inclúe un útil e breve manual para optimizar a busca. Os sons tamén se poden buscar a través dun uso sinxelo do buscador: ao engadir o son desexado, aparecen todos os relacionados con el. Os arquivos sonoros descárganse en formato MP3, wag e ogg.
- [Soundible](https://soundible.com). Banco de sons licenciados [CC BY-SA](https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/). A páxina atópase en inglés e o buscador é simple, engadindo o son que estamos a buscar, aparece unha listaxe relacionada. Os sons descárganse en formato MP3 e WAV.
- [Zapsplat](https://zapsplat.com). Sito web en lingua inglesa que ofrece un repositorio de música e de sons licenciados baixo [CC BY](https://creativecommons.org/licenses/by/4.0/), polo que a atribución é obrigatoria. Os sons organízanse en categorías e pódense descargar en formato MP3 e WAV. É necesario rexistrarse.

- [Videvo.net](#). Ofrece sons e vídeos gratuitos para usar en calquera proxecto, persoal ou comercial, pero con atribución obrigatoria ao ser moitos deles licenza Creative Commons 3.0. Os sons descárganse en formato MP3.

5. BANCOS DE VÍDEOS.

- [La aventura de aprender](#). É un repositorio de vídeos pertencentes ao INTEF e a os que se accede a través do buscador, catalogándose con licenza Creative Commons. Os vídeos pódense atopar en [experiencias](#) e [glosario](#). Os vídeos proporciónanse en formato WEBM e en MP4 e pódense embeber,.
- [Youtube](#). Os vídeos publicados en Youtube poden ter dous tipos de licenzas: Youtube estándar ou licenza Creative Commons [CC BY](#). Para buscar vídeos con licenza CC hai que utilizar o buscador e posteriormente filtrar por “Características” > “Creative Commons”.
- [Vimeo](#). Esta plataforma permite publicar baixo todas as licenzas CC e facilita o filtrado dos resultados da procura por unha licenza en concreto, en función do que queiramos facer co material.
- [DIXIT](#). Recursos gráficos e audiovisuais con licenza CC BY-NC-SA
- [Lenzo](#). Recursos gráficos e audiovisuais contextualizados no ensino e na contorna galega con licenza CC BY-SA.